

Procedemento de Selección Alumnado Itinerarios Integrados de Formación

Plan Xuvenil IMPULSA

Axudas do Fondo Social Europeo (FSE) previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil – Axudas AP-POEJ.

2ª Convocatoria de axudas 2017 da Dirección Xeral de Relacións das Comunidades Autónomas e Entes Locais, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Concello de Santiago de Compostela

1. OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado que participará nos Itinerarios Formativos do Proxecto “PLAN XUVENIL IMPULSA” correspondentes á 2ª Convocatoria de axudas 2017 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais.

O Proxecto “PLAN XUVENIL IMPULSA” ten como obxectivo a integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Para iso, realízanse Itinerarios Integrados para a mellora da Formación e a Empregabilidade en diferentes especialidades vinculadas a sectores con potencialidade de crecemento.

O Proxecto está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, estando ditas axudas xestionadas a través da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes locais do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

2. ITINERARIOS FORMATIVOS, ESPECIALIDADES, REQUISITOS PARA PARTICIPAR NOS ITINERARIOS FORMATIVOS, INSCRIPCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.

Os Itinerarios Formativos están integrados por accións formativas nas que se impartirán as Unidades de competencia recollidas nos respectivos Certificados de Profesionalidade e por accións de formación non vinculadas a estes certificados.

2.1 ESPECIALIDADES FORMATIVAS

Itinerarios Formativos	Núm Horas	Núm prazas	Edicions
CONFECCIÓN E PUBLICACIÓN DE PÁXINAS WEB (IFCD0110) NIVEL 2 ESO	460 h	17	1
DESENVOLV. APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍA WEB (IFCD0210) NIVEL 3 BACHARELATO/CICLO SUP. FP	430h	17	1
MANEXO DE DRONS. ESPEC. NO USO PARA SECTOR AUDIOVISUAL	400h	17	1
XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (COMM0112) NIVEL 3 BACHARELATO/CICLO SUP. FP	500h	17	1
COMMUNITY MANAGEMENT	500h	17	1

2.2 PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS EN EMPRESAS

Todas as accións de formación inclúen a realización de Prácticas Profesionais non Laborais en Empresas. A distribución destas horas varía en función do tipo de curso.

2.3 REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR NOS ITINERARIOS FORMATIVOS

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter idades comprendidas entre os 16 e 29 anos (ambos inclusive)
- Estar en situación de desemprego e estar inscrito/a na Oficina de Emprego do SGC como demandante de emprego ca tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Non participar en ningunha acción formativa ou educativa.
- Estar inscrito/a como beneficiario/a no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Cumprir cos requisitos de formación mínima de acceso establecidos para cada itinerario formativo:

CONFECCIÓN E PUBLICACIÓN DE PÁXINAS WEB (IFCD0110) NIVEL 2 ESO	Graduado en ESO ou equivalente
DESENVOLV. APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍA WEB (IFCD0210) NIVEL 3	Graduado en Bacharelato ou equivalente
XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (COMM0112) NIVEL 3	Graduado en Bacharelato ou equivalente
MANEXO DE DRONS. ESPEC. NO USO PARA SECTOR AUDIOVISUAL	Graduado en Bacharelato ou equivalente
COMUNITY MANAGEMENT	Graduado en Bacharelato ou equivalente

En casos excepcionais e razoados, o Concello de Santiago, a través da Comisión de Selección dos cursos, poderá admitir nos cursos non vinculados a Certificados de Profesionalidade a alumnos/ as cun perfil mínimo de formación académica diferente se non existen solicitudes de alumnos/ as que cumpran co devandito perfil.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso aos cursos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e haberán de ser acreditados no momento de presentación das mesmas.

Estes requisitos deberanse seguir cumprindo o día anterior ao comezo das Acción formativas.

2.4 INSCRIPCIÓN EN SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA JUVENIL.

Aquelas persoas novas interesadas en participar nos Itinerarios Formativos que non cumpran o requisito previo de inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, poden facelo a través do SGC e/ou a través da seguinte ligazón:

<http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/darsealta.html>

3. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, PROBAS E CRITERIOS DE SELECCIÓN.

3.1 CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento de “Procedemento de Selección de Alumnado” no Taboleiro

municipal. Así mesmo, procederase á súa difusión a través da páxina web municipal e da Axencia Local de Colocación. Así como a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno.

3.2 INSCRICIÓNS

As persoas que estean interesadas en participar nas probas de selección deberán inscribirse, no Itinerario Formativo no que desexen participar, na Web da Axencia Local de Colocación. <http://axencialocaldecolocacion.org/>

Na que se habilitará unha plataforma de inscrición para cada un dos cinco itinerarios formativos.

.O día que sexan convocados/as para as probas de selección deberán chegar a seguinte documentación (no caso de non facelo, quedarán automaticamente excluídos) :

- DNI ou NIE
- Copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada
- Copia do Currículo Vitae Actualizado
- Certificado de estar inscrito/a como “Beneficiario” no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Copia do título académico requirido en cada itinerario (ESO ou Bacherelato)

Aquelas persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a achegar poden poñerse en contacto co Departamento de Emprego:

Departamento de Emprego
Edificio Administrativo Cersia (1º andar)
Rúa Alcalde Raimundo López Pol s/n
Tel. 981 543060

3.3 CREACIÓN COMISIÓN TÉCNICA DE SELECCIÓN

Mediante Decreto da Concelleira de Emprego designarase a composición da Comisión Técnica responsable da selección do alumnado que estará composta por un mínimo de 3 técnicos/ as adscritos ao departamento de Emprego. A comisión quedará facultada para a resolución de cantas incidencias poidanse producir ou derivar da mesma.

3.4 PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo para a realización de inscricións será dende as 15:00 horas do día 14 de setembro ate as 15:00 horas do 18 de setembro de 2018, momento no que se pechará a plataforma de inscrición. O prazo para as inscricións podería ampliarse en función de calquera incidencia que se produza sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación e promoción de emprego do proxecto IMPULSA

3.5 PROBAS DE SELECCIÓN, CRITERIOS DE BAREMACIÓN

As probas de selección consistirán nunha entrevista persoal e na valoración de currículo vitae e situación persoal con respecto ao emprego (duración do desemprego e situación social).

As persoas poderán obter un máximo de 10 puntos nas probas de selección. A entrevista de selección e valoración de currículo vitae supoñerá un 60% da puntuación (3 puntos baremo e 3 puntos a entrevista) mentres que a valoración da situación persoal con respecto ao emprego supoñerá un 40% do total da puntuación final.

CRITERIOS		PUNTOS
Discapacidade \geq 33%		0,5
Experiencia laboral	Ningunha (0 a menos de 1 mes)	1
	< 12 meses (1 a 11 meses)	0,75
	\geq 12 meses	0,5
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	1,5
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	3

Na valoración da situación persoal con respecto ao emprego terase en conta a baremación dos seguintes criterios:

Duración do desemprego. Max 3 puntos

< 6 meses	1,5
Entre 6 e 12 meses.....	2
Entre 12 meses e 2 anos	2,5
> 2 anos	3

Situación de Exclusión Social. Max 0,5 puntos

Posee Certificado de Exclusión Social.....	0,5
Non posee Certificado de Exclusión Social.....	0

Ser Muller. Max 0,5 puntos

Na entrevista persoal valoraranse aspectos como a motivación da persoa a través dunha enquisa motivacional, se ten ou non formación previa na mesma especialidade que solicita, e a adecuación da opción formativa solicitada á súa traxectoria formativa e/ou profesional.

3.6 ACTAS DE SELECCIÓN

Unha vez finalícese a fase de selección elevarase Acta de Resultados da Selección por parte da Comisión de Selección na que conste a listaxe das persoas seleccionadas para cada itinerario formativo cos seus nomes, apelidos e DNI/ NIE así como as persoas que quedaron en reserva e que poderían incorporarse ante baixas que se produzan sempre que non se completou o 25% das horas lectivas de cada especialidade formativa.

4. AXUDAS ÓS ALUMNOS/AS

Os/ as alumnos/ as que participen nas accións de formación contarán cunha axuda formativa de 350 € por mes asistido como medida de fomento da participación en programas de formación e aptitude para o emprego que estará condicionada ao requisito de asistencia con aproveitamento da acción formativa. Do importe da axuda mensual descontaranse as faltas de asistencia (inxustificadas e/ou xustificadas).

5. COBERTURA DO RISCO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO

O alumnado terá cuberto os riscos de accidente que puidesen producirse como consecuencia da asistencia aos itinerarios formativos.

6. OBRIGAS DOS ALUMNOS/AS

As persoas que participen nos cursos teñen a obrigaón de asistir aos mesmos con interese e regularidade, non podendo, en ningún caso, participar simultaneamente en máis dun curso.

Serán causas de exclusión dos cursos as seguintes:

- Ter máis de 3 faltas de asistencia non xustificada.
- Non seguir o curso con interese suficiente e regularidade.
- Ter continuas faltas de puntualidade e/ou non cumprir có horario establecido

7. CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Santiago expedirá o correspondente Certificado de Participación a quen finalice o curso con aproveitamento. No devandito certificado farase constar a denominación do curso, a duración en horas e o programa de contidos desenvolvido.

Para poder recibir o correspondente certificado ou diploma acreditativo da formación recibida o alumno ou alumna deberá cumprir cunha asistencia do 75% da duración do itinerario formativo e haber superado as avaliacións en cada un dos módulos formativos do respectivo itinerario.